

Abril decisivo para Sã³crates

Description

A crise, as relacións de Sã³crates co presidente da República, ou as sospeitas sobre a conduta do primeiro ministro na aprobación dun investimento en Alcochete (caso Freeport) investigado pola policía inglesa, condicionan a axenda política portuguesa. O primeiro ministro José Sócrates conseguiu nos últimos meses calmar o descontento dos profesores e a contestación interna liderada por Manuel Alegre, pero está lonxe aínda de encarar os desafíos políticos que lle agardan nos próximos meses ata o confronto presidencial de 2011.

O Banco de Portugal ven de sinalar unha previsión de contracción do 3,5% da economía portuguesa neste exercicio, a maior quebra dos últimos 31 anos, aproximándose ao valor histórico de 1975. Ademais, identificou a existencia de dous millóns de pobres en 2006. O desemprego atinxe o 8,3% e as noticias de empresas a fechar son o pan de cada día. O presidente da República, Cavaco Silva, é claro na apreciación crítica da forma en que o Goberno está a responder á crise. As relacións entre Cavaco e Sócrates están en horas baixas. O número de vetos políticos presidenciais a leis aprobadas pola maioría socialista indica que a relación institucional está ben lonxe da cooperación estratéxica que ambos enunciaran como modelo a seguir. Entre Belón e S. Bento os respectivos intereses partidarios pesan cada vez máis e ningún o disimula.

En febreiro último, Sócrates foi reeleito secretario xeral do PS cunha maioría esmagadora que lle proporcionaba un renovado caudal de legitimidade para encarar os próximos procesos electorais: europeos, municipais e presidenciais. O líder portugués é consciente de que se está a iniciar un novo ciclo político e que o resultado dos comicios de xuño próximo vai indicar a tendencia para as eleccións restantes. O que está en xogo é a supervivencia da maioría socialista no poder e a posible entrada nunha fase de decadencia que alentará a recandidatura de Cavaco Silva, opción que o PS tratará de evitar a toda costa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Europa

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 26, 2009

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2009-04-26 00:00:00